

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Curso 2016 - 2017

CEIP da Pobra do Brollón.

CEIP “Rosalía de Castro” de Bóveda.

CEIP “Monte Baliño” de Pantón.

CEIP Plur. “Virxe do Carme” de Sober.

- **MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 2016/2017.**

O Departamento do CEIP da Pobra do Brollón, abrangue no seu ámbito de actuación os seguintes Centros:

- CEIP “Rosalía de Castro” de Bóveda.
- CEIP “Monte Baliño” de Pantón.
- CEIP Plurilingüe “Virxe do Carme” de Sober.

Estes colexios están situados en concellos limítrofes onde está ubicado o centro base. Son centros que comparten orientación, segundo nomenclatura LOE (OC).

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Segundo o Decreto 120/1998 que regula a orientación na Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento está constituído polos seguintes membros:

- Xefe do Departamento de Orientación do CEIP da POBRA DE BROLLÓN: M^a Nieves Fernández Dobarro
- Mestras de P.T.: Adoración Fernández González e A.L. afín P.T.: Vanesa Manteiga Armada.
- Responsable de Orientación do CEIP ROSALÍA DE CASTRO DE BÓVEDA. Mestra de P.T.: M^a Luz Rodríguez Freire
- Responsable de Orientación do CEIP MONTE BALIÑO DE PANTÓN. Directora: M^a Teresa Fernández Luaces. Mestra de P.T. afín A.L.: María Nóvoa Iglesias.
- Responsable de Orientación do CEIP VIRXE DO CARME DE SOBER. Director: José Manuel López Santos. Mestra de P.T. afín A.L.: María Nóvoa Iglesias.

Os membros con destino no propio centro reuníronse mensualmente para levar a cabo as funcións que ten encomendadas o Departamento. As reunións nas que participaron todos os membros celebráronse trimestralmente, de xeito ordinario, e de forma extraordinaria se fose preciso.

2. OBXECTIVOS

Os **obxectivos** plantexáronse atendendo os seguintes ámbitos de actuación:

- Respecto ao centro.
- Respecto aos alumnos/as.
- Respecto aos profesores/as.
- Respecto aos pais/nais.
- Respecto a outros organismos.

3. PRIORIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS

En función das necesidades e condicións particulares de cada Centro que coordina este Departamento, establecéronse as seguintes prioridades de actuacións:

- Avaliación inicial o alumnado que se incorpora ao centro.
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado.
- Elaboración do Informe Psicopedagóxico correspondente do alumnado avaliado.
- Asesoramento e coordinación na atención a alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo
- Elaboración de programas de intervención que faciliten a adaptación de competencias do alumnado.
- Elaboración e achega de material específico para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Elaboración de material específico para correxir as dificultades na comprensión e expresión oral e escrita.
- Orientación e elaboración de material específico para levar a cabo a acción tutorial.
- Fomento da participación dos pais/nais no proceso educativo.
- Atención e asesoramento os pais/nais e titores/as.
- Coordinación, elaboración e participación dos Proxectos a desenvolver nos centros.

4. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Na primeira xuntanza, realizouse unha análise da situación das necesidades educativas do alumnado seguindo os informes elaborados polos especialistas do devandiro curso.

Estableceuse un listado dos alumnos con NEAE; os que necesitan apoio de P.T. e ou AL e os que precisan RE por parte dos mestres tutores.

CEIP da Pobra do Brollón

-Seguimento do alumnado avaliado en cursos anteriores e realización da avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico correspondentes as solicitudes de intervención do D.O. recibidas este curso, por parte da orientadora itinerante que está neste centro 2 días e medio á semana; así como o establecemento do apoio educativo da mestra de AL afín PT, tanto dentro como fóra da aula ordinaria ao seguinte alumnado.

Durante este ano 2016/2017 nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria levamos a cabo desdobres como medida de apoio para que a alumna de 5º Sarai Pereira Dos Santos e o seu irmán o alumno de 6º Joel Pereira Dos Santos non coincidan na mesma aula, dadas as súas condutas disruptivas que alteran a orde e o normal funcionamento da clase.

Para o próximo curso 2017/2018 dito desdobre levarémolo a cabo nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria para que non coincidan os irmáns Sarai Pereira Dos Santos e Carlos Dos Santos Bento.

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Levouse a cabo un programa de estimulación da linguaxe por parte da mestra de AL afín PT. que traballou de forma xeral a mellora de aspectos interrelacionados da linguaxe durante 1 sesión semanal.

- Valoración da linguaxe oral dunha alumna **(A.D.F.)** que cursou 5º de E.I. xa que dentro da aula casi non fala nin cos mestres nin cos compañeiros, sen embargo na casa fala moito. Establécese que presenta mutismo selectivo e dánselle pautas ao titor e á familia para que as leven a cabo. Durante este curso recibiu reforzo por parte do seu titor dentro da aula para superar as

súas dificultades para comunicarse e relacionarse e apoio da AL afín PT durante unha sesión á semana. No final do curso a alumna mostrou unha leve evolución polo que é necesario que continúe recibindo apoio da AL.

- Seguimento dunha alumna (**L.D.F.**) de 4º curso de E.I. que presenta dificultades na comunicación e na expresión. A alumna recibe estimulación da linguaxe por parte da AL afín PT. O inicio do próximo curso valoraremos a necesidade de apoio.

-Seguimento dun alumno (**N.L.A.**) de 6º curso de E.I. que presenta dificultades de comprensión e expresión a nivel oral e escrito. Ten múltiples dislalias. Este curso recibiu apoio da AL afín PT dúas sesións á semana e mostrou unha boa evolución, polo que é necesario que o próximo curso continúe recibindo apoio.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º Curso.

-Seguimento da alumna (**A.P.M.**) xa que presenta dificultades de linguaxe, comprensión, madurez, autonomía e para manter a atención e seguir as normas e o ritmo de traballo da aula. Durante este curso recibiu o apoio da AL afín PT e mellorou moito na lectura e na escritura pero é necesario que o continúe recibindo. Ao inicio do próximo curso realizaráselle unha avaliación psicopedagóxica para organizar a resposta educativa máis adecuada as súas necesidades.

- Valoración da linguaxe oral da alumna (**A.R.L.**) xa que presenta dificultades na pronunciación do fonema “s” substituíndoo por “c” e “z”. A valoración determina que actualmente a alumna carece de incisivos superiores, xa que lle caeron e aínda non lle saíron os dentes novos polo que é moi complicado que poda pronunciar correctamente o fonema /s/, xa que o aire sae de forma incorrecta imposibilitando a correcta pronunciación do fonema. Démoslles pautas aos pais e realizamos un seguimento da evolución da alumna. Ao inicio do próximo curso valoraremos a súa situación.

2º Curso.

- Seguimento do alumno (**J.R.S.M.**) xa que presenta dificultades de aprendizaxe en comprensión, expresión, razoamento, atención e lóxica.

Presenta un entorno familiar complexo. Durante este curso recibiu o apoio por parte da AL afín PT durante 3 sesións á semana na aula ordinaria.

3º Curso.

-O titor solicita a intervención do departamento de orientación para realizar unha avaliación psicopedagóxica o alumno **(D.I.P.)** xa que presenta un rendemento extraordinariamente baixo nas clases.

O alumno presenta moi pouca capacidade de atención e de traballo. Non amosa ningunha motivación nin interese cara ao traballo escolar. E ten moitas dificultades na lectura e na escritura. Recibe reforzo educativo por parte do seu titor e apoio da AL afín PT durante 3 sesións á semana e é necesario que o continúe recibindo.

4º Curso.

-Seguimento do alumno **(C.D.S.B.)**. Presenta moitas dificultades de atención, concentración, conduta e impulsividade. Ten un entorno familiar moi complexo que repercute negativamente no seu desenvolvemento. Vive no centro de acollida de Ferreirúa. Este ano no centro abriuse un protocolo de acoso no que el foi o acosador e tomamos as medidas adecuadas. Tamén se lle abriu un expediente por roubar dúas tablets do centro e establecéronse as medidas de castigo apropiadas. Ten reforzo educativo por parte do seu titor. O próximo curso é fundamental intervir con este alumno e establecer pautas e orientacións para que mellore nas súas dificultades.

5º Curso.

O próximo curso nesta aula levarase a cabo un programa de habilidades sociais para poder mellorar a convivencia e as relacións entre os alumnos.

- Seguimento da alumna **(M.C.A.)** Alumna valorada o curso pasado polo especialista do E.O.E. de altas capacidades (estableceu que a alumna non presenta altas capacidades). Presenta dificultades de autoestima, motivación e para relacionarse cos seus compañeiros.

-Renovación da Adaptación Curricular Significativa da alumna **(S.P.D.S.)** a nivel de 3º curso de E.P. A alumna repetiu 2º curso de E.P. Presenta moitas dificultades de atención, concentración, razoamento, comprensión, expresión, lóxica, memoria. Nivel de competencia curricular moi baixo. Falta de motivación

e interese cara as tarefas escolares. Ten un entorno familiar moi complexo que repercute negativamente no seu desenvolvemento e vive no centro de acollida de Ferreirúa. Este curso a alumna recibiu o apoio da PT e da PT afín AL dentro da aula ordinaria realizando o desdoblamento nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Ciencias Sociais e da orientadora durante dúas sesións á semana dentro da aula ordinaria (unha na área de matemáticas e outra na de lingua castelá). É necesario que continúe recibindo apoio.

- Realización dunha avaliación psicopedagóxica ao alumno **(C.C.R.)** que chegou ao centro en marzo deste ano 2017. Ten diagnosticado TDAH con repercusión moderada- severa en aprendizaxe e relacións. Ten expediente aberto e recibe seguimento por parte do servizo de menores. Presenta moitas dificultades de atención, razoamento, comprensión, memoria e ten un desfase curricular significativo. Está totalmente desmotivado cara as tarefas escolares e fáltanlle hábitos de estudo e traballo. Ten dificultades para relacionarse tanto cos compañeiros/as como cos mestres. Repetiu 2º curso de E.P. e en setembro realizarémoslle unha ACS. É necesario que o próximo curso reciba o apoio da PT. Démoslles pautas á familia e orientacións para os mestres.

- Seguimento da alumna **(L.V.R.)** que repetiu 4º curso de E.P. e presenta dificultades nos procesos psicolóxicos básicos e nas áreas instrumentais básicas. Durante este curso mostrou unha boa evolución e adquiriu responsabilidade e motivación cara as tarefas escolares, é fundamental que continúe traballando así.

6º Curso.

-Seguimento do alumno **(J.N.S.M.)** xa que presenta cambios de ánimo sen causa aparente e dificultades de socialización cos seus compañeiros. Ten un entorno familiar complexo. O alumno durante este curso mellorou nestes aspectos e móstrase máis seguro e confiado.

- Realización dun programa de intervención ao alumno **(J.P.D.S.)** para poder responder axeitadamente as necesidades educativas que presenta o alumno pois está diagnosticado de TDAH e, polo tanto presenta dificultades de atención, concentración e impulsividade. O alumno non amosa motivación nin interese cara ao traballo escolar e presenta unha conduta problemática que afecta ao traballo na aula e á relación cos compañeiros. Repetiu 4º curso e pasou a 6º por imperativo legal. Ten un entorno familiar moi complexo que

repercute negativamente no seu desenvolvemento e vive no centro de acollida de Ferreirúa. Dámoslles os seus profesores orientacións para a proposta curricular do alumno e pautas para o entrenamiento en autoinstrucións.

En xaneiro de 2017 realizámoslle unha avaliación e informe psicopedagóxico para solicitar a intervención do especialista do E.O.E. en trastornos de conduta para que colabore na avaliación psicopedagóxica do alumno e nos ofrezca novas estratexias que lle axuden a superar as súas condutas problemáticas e a acadar o éxito no proceso de ensino- aprendizaxe.

Durante este curso abríronselle no centro 3 expedientes disciplinarios e a súa actitude e conduta cada vez é peor.

Tamén informamos ao servizo de menores para que estiveran informados da situación do alumno.

CEIP Rosalía de Castro (Bóveda)

Seguimento do alumnado e realización de avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico correspondentes por parte da orientadora (itinerante, 1 día a semana) así como o establecemento do apoio educativo da mestra de Pedagogía Terapéutica, tanto dentro como fóra da aula ordinaria ao seguinte alumnado.

A alumna Paula Rodríguez Álvarez cursa cunha escolarización combinada e acude luns, martes e mércores a este centro e xoves e venres ao Centro de Educación Especial Infanta Elena de Monforte de Lemos.

Durante os tres días á semana que a alumna está neste centro a PT ten dedicación exclusiva con ela debido ás Necesidades Educativas Especiais que presenta, e os outros dous días (nos que a alumna non está no centro), a PT encárgase de atender ao resto do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

EDUCACIÓN INFANTIL:

-Seguimento do alumno de 4º de E.I. **(D.A.F.)**. Presenta dificultades na adquisición dos procesos psicolóxicos básicos (atención, memoria, razoamento, lóxica). Ten dificultades para diferenciar o vermello e o verde (posible daltonismo verde- vermello). Valorar ao inicio do próximo curso a necesidade dalgunha medida específica de atención ao alumno.

- Valoración da linguaxe oral da alumna **(M.A.A.L.)** de 4º curso de E.I. xa que presenta moitas dificultades de comprensión e expresión a nivel oral e escrito. Presenta dislalias nos fonemas /z/, /f/, /rr/, /ce/, /ci/, /pl/, /tr/. Non ten unha linguaxe fluída (cústalle facerse entender) pero amosa intención comunicativa. Recibe apoio da PT afín AL durante media sesión á semana e é necesario que o continúe recibindo.

-Valoración da linguaxe oral da alumna **(M.L.A.L.)** de 4º curso de E.I. xa que presenta dificultades na pronunciación dos fonemas /z/, /f/, /rr/, /ce/ que dan lugar a dificultades de comprensión e expresión, tanto a nivel oral como escrito. Cústalle facerse entender pero amosa intencionalidade comunicativa. Recibe apoio da PT afín AL durante media sesión á semana e é necesario que o continúe recibindo.

-Seguimento da alumna **(L.S.R.)** de 5º curso de E.I. que se incorporou este ano ao centro e presenta moitas faltas de asistencia. Isto fai que presente dificultades para seguir o currículo que lle corresponde por idade e o nivel e ritmo de traballo da súa aula. Presenta dificultades para relacionarse cos seus compañeiros. Valorar ao inicio do próximo curso a necesidade dalgunha medida de atención específica para a alumna.

- Recibiuse a solicitude por parte da titora de 6º curso de E.I. para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno **(J.R.P.)**, xa que presenta un desfase curricular significativo con respecto ao que lle correspondería por idade e é incapaz de seguir o ritmo de traballo da súa aula. Ten dificultades de comprensión e comunicación a nivel oral e escrito. Na fala presenta múltiples dislalias e en ocasións unha linguaxe inintelixible. Ten falta de motivación e interese cara as tarefas escolares e precisa de axuda e guía constante para realizar todas as tarefas da aula. Solicitamos a flexibilización da duración do período de escolarización para que permanezca un ano máis en E.I. (estamos esperando a resposta da xefatura territorial). Recibe reforzo educativo da titora e apoio da PT e é necesario que continúe co apoio.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

Na etapa de E.P. leváronse a cabo as seguintes accións por parte do D.O.:

1º Curso.

- Recibiuse a solicitude por parte da titora para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno **(S.D.S.M.)**, xa que presenta importantes déficits na linguaxe oral (non se lle entende), na linguaxe escrita (non coñece case ningunha letra) e no cálculo (non coñece os números maiores do 5). Presenta tamén dificultades para manter a atención e moi pouca motivación e interese polo traballo escolar. Realizouse un informe psicopedagóxico e tamén un programa de intervención e demoslles pautas os mestres e a familia. O alumno na etapa de Educación Infantil case non acudiu ao colexio. Vai repetir 1º curso de E.P. xa que non acada os obxectivos establecidos nas áreas de ciencia naturais, ciencias sociais, lingua galega, castelá, matemáticas e inglés. Este curso recibiu reforzo educativo en todas as áreas que leva suspensas e apoio por parte da PT. É necesario que continúe recibindo apoio.

3º Curso.

- Seguimento da alumna **(V.D.S.M.)** que se incorporou ao centro neste curso. Aмосa dificultades no desenvolvemento do proceso lecto-escritor e no seu desenvolvemento cognitivo (memoria, atención, razoamento, lóxica...). Presenta pouca motivación e interese cara ao traballo escolar. Repetiu 2º curso de E.P. Este curso realizámoslle un programa de intervención. Recibe reforzo educativo da súa titora e apoio da PT durante dúas sesións á semana. É necesario que continúe recibindo apoio.

- Valoración da autoestima e da atención da alumna **(L.G.L.)** solicitada pola titora e a nai. Dámoslles pautas a ambas e realizamos un seguimento da alumna.

- Seguimento da alumna **(S.R.P.)** Presenta dificultades no desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos e na adquisición das áreas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo). Aмосa esforzo e interese cara ao traballo escolar. Recibe apoio por parte da PT e é necesario que o continúe recibindo.

- Realización dun informe solicitado pola pediatra da alumna **(A.A.F.)** sobre a evolución recente da alumna xa que a nai lle indica que no colexio ten dificultades de atención, no razoamento matemático e na comprensión lectora. Dentro da aula fai chamadas de atención constantes. É unha nena

desobediente, bastante mandona e pouco ordenada. Valorar ao inicio do próximo curso a necesidade dalgunha medida de atención para a alumna.

4º Curso.

- Realización dun programa de intervención ao alumno **(I.D.S.M.)** que se incorporou este curso ao centro e presenta dificultades na adquisición dos procesos psicolóxicos básicos e no desenvolvemento da lectura, a escritura e o cálculo. Ten moi pouca motivación e interese cara ao traballo escolar. Repetiu 2º curso de E.P. Este curso recibiu reforzo educativo da súa titora e apoio da PT. É necesario que continúe recibindo apoio.

-Renovamos a ACS da alumna **(P.R.A.)** a nivel de 2º ciclo de E.I. A alumna cursa cunha escolarización combinada. Ten diagnóstico de “discapacidade intelectual posiblemente en grado moderado-grave de etioloxía prenatal. Miocardiopatía non compactada”. Grado recoñecido de discapacidade física e psíquica dun 45 %. Precisa auxiliar técnico educativo. Recibe apoio por parte da PT e é imprescindible que o continúe recibindo.

5º Curso.

-Realizamos informes para a pediatra, a neuróloga e o gabinete psicopedagóxico do alumno **(G.A.F.)**. O alumno está diagnosticado de TDA-H e toma medicación. Ten dificultades de atención, concentración, razoamento, para enfrontarse con éxito aos seus traballos e para entender o que se lle pide. Ten gran facilidade para evadirse. Facemos pautas para os mestres e a familia e este curso recibiu reforzo educativo da súa titora. O inicio do próximo curso valoraremos a necesidade de que reciba apoio.

-Renovamos a ACS da alumna **(J.D.S.G.)** a nivel de 3º curso de E.P. A alumna repetiu 2º curso de E.P. Presenta atraso significativo nas áreas das linguas e de matemáticas. Ten un entorno familiar complexo e seguimento polo servizo de menores. Este curso recibiu apoio por parte da PT. É necesario que continúe recibindo apoio da PT.

-Realizamos un programa de intervención á alumna **(I.M.P.)** Presenta dificultades de comprensión, razoamento, para reter a información que se traballa na aula e para prestar atención durante as explicacións. Ten moi pouca motivación e interese cara ao traballo escolar. Vai repetir 5º curso de E.P. Este

curso recibiu reforzo educativo por parte da súa titora. É necesario que reciba apoio da PT.

- Renovación da ACS do alumno (**A.M.P.**) a nivel de 4º curso de E.P. O alumno repetiu 2º curso de E.P. e presenta dificultades en comprensión lectora, ortografía básica, numeración, cálculo, resolución de problemas e razoamento.
- Realización dunha ACS á alumna (K.D.S.M.) a nivel de 5º curso de E.P. A alumna repetiu 2º curso de E.P. A alumna presenta necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

CEIP Monte Baliño de Pantón

Realización de avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico correspondentes por parte da orientadora (itinerante 1 día á semana neste centro); así como o establecemento do apoio educativo por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica afín AL (itinerante, 2 días e medio á semana neste centro), tanto dentro como fóra da aula ordinaria ao seguinte alumnado:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Seguimento dun alumno (**M.D.M.**) que se incorporou este ano ao centro no 4º curso de E.I. e que está diagnosticado de “Diparesia espástica GMFCS II, leucomalacia periventricular niño pretermo”. Ten recoñecido un grao de discapacidade motora dun 58%. Precisa auxiliar técnico educativo. Presenta dificultades na linguaxe e na motricidade fina. O próximo curso precisará o apoio da AL.
- Seguimento dunha alumna (**A.F.I.**) que se incorporou este ano ao centro no 4º curso de E.I. e que presenta falta de normas, hábitos e rutinas de traballo. Actitude moi infantil. Non respeta as normas da aula. Ten unha linguaxe (xeralmente inintelixible) con numerosas dislalias. O próximo curso precisará o apoio da AL.
- Recibiuse a solicitude por parte da titora de 4º curso de E.I. para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno (**T.D.C.**), xa que presenta condutas disruptivas que dificultan o normal funcionamento da aula. É un neno impulsivo, e incapaz en moitas ocasións de controlar as súas emocións (chegando a pegar aos compañeiros). Cústalle moito acatar as normas e obedecer. Realiza chamadas de atención constantes e busca continuamente a atención da titora.

Cando se lle leva a contraria, se lle nega algo ou se lle manda facer algo que non quere empeza a berrar e a mostrar unha actitude continua de negación, con insultos, patadas. Ten un nivel de frustración moi baixo. Todo isto afecta negativamente ao seu desenvolvemento e ao curso normal das clases. Realizamos a avaliación e o informe psicopedagóxico e dámoslle pautas á titora e á familia para que as traballen co alumno. Se as dificultades de conduta do alumno persisten o próximo curso realizaremos un programa de modificación de conduta.

-Alumno (**A.S.S**) incorporado ao centro a finais de marzo na aula de 6º curso de E.I. Non estivo escolarizado antes. Presenta un nivel curricular moi baixo. Ten dificultades nos procesos psicolóxicos básicos (atención, concentración, memoria, lóxica, razoamento), na motricidade fina (para pintar, recortar..), no esquema corporal. Non ten normas nin hábitos de rutina e traballo. Será fundamental que o próximo curso reciba reforzo e o apoio da PT para poder situarse ao nivel que lle corresponde por idade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º Curso

- Seguimento ao alumno (**B.P.R.**) que este curso repetiu 1º curso de E.P. e que presenta un nivel curricular baixo co que lle corresponde por idade, dificultades na linguaxe, na adquisición dos procesos psicolóxicos básicos e de conduta. Durante este curso recibiu reforzo educativo por parte dos seus mestres nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais, lingua castelá, lingua galega, matemáticas e inglés. Tamén tivo o apoio da PT afín AL durante 3 sesións semanas (2 para PT e 1 para AL). En setembro valoraremos a necesidade de facerlle unha ACS. É necesario que o próximo curso siga recibindo reforzo e apoio.

- Seguimento dunha alumna (**V.Q.F.**) con dificultades de aprendizaxe na lectoescritura e no desenvolvemento das capacidades cognitivas. Realizarlle unha avaliación psicopedagóxica ao inicio do próximo curso e valorar a necesidade de apoio.

2º Curso

- Recibiuse a solicitude por parte da titora de 2º curso de E.P. para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno **(A.M.L.)** xa que, presenta dificultades de atención é moi despistado e moi lento na realización das tarefas, en ocasións parece evadirse e cústalle entender moitas explicacións que se dan na aula. Realizamos a avaliación e o informe psicopedagóxico e dámoslle pautas á titora e á familia para que as traballen co alumno.

Este alumno o curso pasado recibiu apoio da AL por dificultades na pronunciación dos fonemas /r/ e /z/. Este curso recibiu reforzo educativo por parte da súa titora nas áreas de ciencias sociais, lingua castelá, lingua galega e matemáticas. Ao inicio do próximo curso valoraremos a necesidade de que reciba apoio.

-Seguimento dunha alumna **(A.C.T.)** que presenta numerosas dificultades de aprendizaxe en atención, comprensión, razoamento, lóxica, falta de normas e hábitos de traballo, nivel curricular baixo e entorno familiar complexo. Vai repetir 2º curso de E.P. xa que non acada os obxectivos establecidos. Este curso recibiu reforzo educativo por parte da súa titora nas áreas de ciencias sociais, lingua castelá, lingua galega e matemáticas. Tamén recibiu apoio da PT durante 2 sesións á semana. O próximo curso hai que realizarlle un plan específico de reforzo ou recuperación e apoio e é necesario que continúe recibindo reforzo educativo e apoio por parte da PT.

-Seguimento da alumna **(C.M.G.H.)** que chegou este curso ao centro. Ven de Venezuela (os seus pais quedaron alí e ela e a súa irmá maior viñeron aquí a vivir cos avós). Presenta un nivel curricular baixo sobre todo na área matemática. Este curso recibiu reforzo educativo por parte da súa titora nas áreas de lingua galega e matemáticas. Ao inicio do próximo curso valoraremos a necesidade de que recibe apoio.

5º Curso

-Seguimento do alumno **(H.G.G.)** que repetiu 4º curso de E.P. e presenta moitas dificultades de atención, concentración, razoamento e lóxica. Ten dificultades nas áreas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo); na adquisición de rutinas e hábitos de traballo e para seguir as normas e o ritmo

de traballo da aula. Este curso recibiu o apoio da PT durante 2 sesións á semana.

CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober

Neste centro contamos cunha PT afín AL compartida que está nel dous días e medio á semana; debido a isto na organización dos apoios debemos priorizar a atención aos alumnos/as con maiores necesidades, polo que queda algún alumno sen a atención suficiente. Temos que ter en conta que a praza é de especialidade PT afín AL; o que non implica ser especialista de AL e a día de hoxe contamos con dous claros casos no centro que precisan atención por parte dunha especialista de AL.

Seguimento de alumnado e realización de avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico correspondentes por parte da orientadora (itinerante, 3 horas semanais); así como o establecemento do apoio educativo por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica afín A.L. (itinerantes, 2 días e medio á semana neste centro), tanto dentro como fóra da aula ordinaria ao seguinte alumnado:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Recibiuse a solicitude por parte da titora de 4º curso de E.I. para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno (**D.F.S.**), xa que está diagnosticado de retraso de desenvolvemento con síndrome dismórfico leve. Asimetría en tamaño de VL e hipoplasia do C. Caloso en Istmo. Ril multiquístico dereito. Estreñimento e desnutrición. SD genético: Delección 6q13.q14.1.

O alumno presenta dificultades na linguaxe (non fala, só emite sons guturais) e no seu comportamento xa que non ten normas nin hábitos de traballo. Realizamos a avaliación e o informe psicopedagóxico e dámoslle pautas á titora e á familia para que as traballen co alumno na casa. Este curso recibiu reforzo educativo por parte da súa titora e apoio da PT afín AL durante unha hora á semana para poder intervir co alumno nas necesidades que presenta. Media hora para AL e a outra media para PT. Tamén solicitamos a intervención do especialista do E.O.E. de Audición e Linguaxe e acudiu ó centro e asesorounos e ofreceunos pautas para intervir co alumno. O próximo curso é necesario que siga recibindo apoio para superar as dificultades que presenta no seu proceso de ensino- aprendizaxe.

-Realizouse o seguimento dunha alumna **(I.G.C.)** de 6º curso de E.I. debido a que presenta dificultades na linguaxe cos fonemas /s/, /z/, /r/ e /rr/.Recibiu apoio da PT afín AL durante unha sesión á semana e o próximo curso consideramos necesario que continúe recibindo apoio.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º Curso

- Recibiuse a solicitude por parte da titora de 1º curso de E.P. para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno **(L.F.R.)** xa que presenta dificultades na adquisición dos procesos psicolóxicos básicos (atención, memoria, razoamento, comprensión) e dos procesos instrumentais básicos (lectura, escritura e cálculo); presenta ademais numerosas dificultades de conduta e unha linguaxe con moitas dislalias e en moitas ocasións inintelixible. Realizamos a avaliación e o informe psicopedagóxico e dámoslle pautas á titora e á familia. Este curso recibiu reforzo educativo por parte da súa titora nas áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas e apoio da PT afín AL durante tres sesións á semana. Tamén solicitamos a intervención dos especialistas do E.O.E. de Audición e Linguaxe e de conduta. O de Audición e Linguaxe xa acudiu ao centro e deunos pautas e orientacións para traballar co alumno. O especialista de conduta acudirá o próximo curso a valoralo. O alumno foi madurando e mellorando ao longo do curso pero aínda así non acadou os obxectivos establecidos nas áreas de lingua castelá, galega, matemáticas e inglés e ten que repetir 1º curso de E.P. En ciencias sociais e ciencias naturais leva suficientes facendo os exames oralmente (trátase dunha medida ordinaria de atención á diversidade “adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación” regulada no Decreto 229/2011 do 7 de decembro). É imprescindible que continúe recibindo apoio e que se lle realice un plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

- A titora de 1º curso de E.P. solicitou que se lle realizara unha avaliación psicopedagóxica á alumna **(L.R.G.)**, xa que presenta dificultades de razoamento, lóxica, deducción e atención. Realizouse a avaliación e o informe psicopedagóxico e entregamos pautas á titora e á familia da alumna. A alumna rematou o curso con todas as áreas aprobadas pero cada vez mostra máis dificultades e ten notas máis baixas. É necesario realizar un seguimento á

alumno e valorar ao inicio do próximo curso a necesidade dalgunha medida de atención para a alumna.

3º Curso

- Seguimento do alumno **(J.G.G.)** que cursou 3º curso de Educación Primaria cunha Adaptación Curricular Significativa a nivel de 5º curso de E.I. porque presenta un desfase curricular moi significativo e recibiu o apoio da PT durante 4 sesións á semana e da AL durante 1 sesión á semana (Trátase da mesma profesional xa que é PT afín AL). Durante este curso observamos un avance no alumno e agora recoñece grafías e é capaz de copiar trazos e ler sílabas directas sinxelas. O alumno repetiu 2º curso de E.P. Rematou este curso coa cualificación de suficiente nas áreas de matemáticas e lingua castelá e as demais suspensas áreas que ten con ACS suspensas (ditas áreas son ciencias naturais, ciencias sociais, lingua galega e inglés). Nas áreas nas que non ten ACS saca un suficiente en relixión e un ben en educación artística e educación física. É fundamental que continúe recibindo o apoio da PT. En setembro do próximo curso 2017/2018 hai que renovar a ACS do alumno.

4º Curso

-A titora solicitou a intervención da orientadora, para realizar unha avaliación psicopedagóxica ao alumno **(A.L.R.)** chegado este ano ao centro e que presenta un desfase curricular significativo respecto aos nenos do seu nivel. Dentro da aula amosa condutas disruptivas e chamadas de atención constantes. Non asume a responsabilidade do que fai e sempre atopa xustificacións nos demais; mente para evitar consecuencias. Non amosa ningún tipo de motivación e presenta unha gran falta de interese por realizar as tarefas. Posible TDAH. Os pais non queren levalo a psicóloga porque non quere que o mediquen. Dámoslles pautas aos mestres para que as leven a cabo con él na aula con respecto a centrar a atención e controlar a impulsividade. O alumno recibe reforzo educativo nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais, matemáticas e inglés. Vai repetir 4º curso de E.P. xa que non acada os obxectivos establecidos nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais, lingua castelá, matemáticas e inglés. O próximo curso hai que

facerlle un plan específico de reforzo ou recuperación e apoio e valoraremos a necesidade de que reciba o apoio da PT afín AL.

5º Curso

- Seguimento dunha alumna (**L.M.B.S.**) que presenta trastorno de apego afectivo e acude á psicóloga. É unha alumna adoptada que leva anos en España. Mostra dificultades a nivel curricular, no desenvolvemento das capacidades cognitivas, na linguaxe e no establecemento de habilidades sociais. Repetiu 4º curso de E.P. Ata o curso pasado a alumna recibiu apoio da PT. Este curso tivo reforzo educativo nas áreas de lingua galega e lingua estranxeira. Valoraremos ao inicio do próximo curso a necesidade do apoio da PT.

- Seguimento do alumno (**L.C.R.**), é un alumno diagnosticado de TDA. Presenta un nivel curricular moi baixo polo que lle corresponde por idade. Ten moitas dificultades de atención e de motivación. Non realiza as tarefas na aula nin na casa. Vai repetir 5º curso, xa que non acada os obxectivos establecidos nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais, lingua castelá, lingua galega, matemáticas e inglés. Este curso abriuse un protocolo de acoso escolar para valorar unhas situacións sufridas por este alumno e estableceronse medidas educativas para solucionar as dificultades de convivencia cuns compañeiros da súa aula. O próximo curso precisará apoio da PT e hai que realizarlle un plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

- Seguimento dunha alumna (**G.F.R.**) con dificultades nos procesos psicolóxicos básicos (atención, memoria, razoamento, comprensión, lóxica). Ten dificultades para seguir o ritmo de traballo da aula e non amosa interese polo traballo da aula. Vai repetir 5º curso de E.P xa que non acada os obxectivos nas áreas de ciencia naturais, lingua castelá, lingua galega, matemáticas e inglés. O próximo curso hai que facerlle un plan específico de reforzo ou recuperación e apoio e valoraremos a necesidade de apoio da PT.

6º Curso

- Seguimento dunha alumna (**J.I.B.S.**) que presenta trastorno de apego afectivo e acude á psicóloga. É unha alumna adoptada que leva anos en España.

Mostra dificultades a nivel curricular, no desenvolvemento das capacidades cognitivas, na linguaxe e no establecemento de habilidades sociais. Repetiu 4º curso de E.P. Este curso recibiu o reforzo educativo da súa titora nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais, lingua castelá e matemáticas e apoio da P.T. durante 3 sesións á semana.

5. OUTRAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DURANTE O CURSO:

- Composición e organización do D.O.
- Realización de avaliacións iniciais.
- Recollida de datos e demais información sobre o alumnado.
- Primeira valoración das necesidades do alumnado do centro. Valoración do alumnado que precisa RE, apoios ou un Programa de Intervención.
- Reunións coa responsable de orientación do centro e mestras de PT e AL para logo de facer unha primeira valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, elaborar os horarios.
- Coordinación con profesores-titores (Consensuar horarios).
- Elaboración das avaliacións psicopedagóxicas, informes psicopedagóxicos e dos programas de intervención pertinentes nos catro centros.
- Reunión semanais coas mestras de PT e AL e os directores dos centros.
- Reunión con cada pai/nai do alumnado o que lle foi feita unha avaliación psicopedagóxica.
- Informar as familias sobre os apoios que se van a levar a cabo.
- Entrevista coas familias dos alumn@s dos centros servindo de apoio aos titores.
- Valoración das AC que se están a desenvolver nos centros.
- Asistencia semanal aos centros compartidos.
- Seleccionar material adaptado para as necesidades dos alumn@s do centro.
- Entregar material diverso, para traballar aspectos específicos, ao profesorado que solicitou axuda.
- Solicitar a intervención do EOE para aqueles alumnos/as, nos que se

precisaba o seu asesoramento, a súa valoración e intervención.

- Reunión coa nai do alumno con escolarización combinada para informar sobre o tratado na reunión cos membros do CEE e escoitar a súa opinión sobre a idoneidade de continuar con este tipo de escolarización un ano máis.
- Asesoramento ao profesorado en materia lexislativa (Orde de avaliación; Decreto do currículum de EP,...).
- Asesoramento ao profesorado nas Medidas de Atención á Diversidade para o Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.
- Posta en práctica do programa de estimulación da linguaxe para traballar co alumnado de Educación Infantil por parte das Mestras de Audición e Linguaxe.
- Apoio e Reforzo Educativo por parte das especialistas en PT e AL aos distintos alumnos/as que o precisaban.
- Docencia directa en 5º e 6º de EP na asignatura de Educación Artística (Plástica) por parte da orientadora no CEIP da Pobra do Brollón.
- Docencia directa en 4º de EP na área de lingua castelá por parte da orientadora no CEIP da Pobra do Brollón.
- Coordinación da Biblioteca do CEIP Monte Baliño por parte da mestra de PT afín AL.
- Coordinación da Biblioteca do CEIP da Pobra do Brollón por parte da mestra de PT (directora).
- Elaboración de informes por parte das mestras de PT e AL dos alumnos que reciben apoio e RE.
- Participación activa nas reunións da CCP.
- Participación nas reunións de avaliación.
- Atención ós pais/nais cando foi necesario.
- Elaboración do Plan de Orientación e o Plan de Atención á Diversidade.
- Atención e asesoramento aos profesores-titores.
- Cubrir o DRDADI.
- Revisión dos horarios dos profesores de PT e AL.
- Sesión de traballo semanal co alumnado de seguimento.

- Asesoramento aos titores/as sobre o reforzo que se levará a cabo a diferentes alumnos/as por parte deles e dos profesores/as especialistas.
- Seguimento e valoración do alumnado con RE.
- Participación nas actividades complementarias e extraescolares levadas a cabo no centro.
- Observación directa nas aulas a aqueles alumnos/as que os titores/as consideraran oportunos.
- Deseño de actividades para desenvolver na aula de PT e AL.
- Participación no proceso da Avaliación individualizada de 3º de E.P e no proceso de avaliación final individualizada de 6º curso de E.P.
- Reunións coas orientadoras do IES de A Pinguela e Daviña Rey para informar sobre os alumnos de 6º que o curso que ven farán 1º de ESO en ditos centros.
- Colaborar e asesorar na elaboración dos informes finais das mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, sobre cada alumno/a que recibiu apoio.
- Asistir a valoración dos especialistas dos EOE solicitados para os distintos alumnos dos 4 centros.
- Contacto telefónico con:
 - Pediatras de alumnos de Sober, Pantón, A Pobra e Bóveda.
 - Psicólogos de alumnos de Sober, Pantón e Pobra do Brollón.
 - Gabinetes psicopedagóxicos de alumnos dos 4 centros.
 - As Traballadoras Sociais de Bóveda e a de A Pobra do Brollón.
 - Logopedas de alumnos de Sober, A Pobra, Bóveda e Pantón.
- Elaboración de informes solicitados por pediatras, neuropediatras, gabinetes psicopedagóxicos,... de alumnos/as dos catro centros.
- Avaliación dos reforzos educativos levados a cabo polos titores/as e especialistas.
- Elaboración da memoria do Departamento de Orientación.

- Avaliación do Plan de Orientación e do Plan de Atención á Diversidade.
- Cubrir DRDorienta.
- Reunión do Departamento de Orientación, exposición da valoración de final de curso.
- Propostas das necesidades para o vindeiro curso.

6. PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Neste punto establécense algunhas propostas que poderán axudar a que o vindeiro curso se favorezan as accións educativas de atención a diversidade e favorecer o traballo coordinado entre os membros da comunidade educativa.

- Mellorar na medida do posible a dotación de recursos do D.O.
- Concienciar a todo o profesorado sobre a situación de ter un DO compartido e que a priorización das necesidades se realiza tendo en conta aos catro centros.
- Intentar atender a todas as demandas que xurdan ao longo do curso e realizar as distintas avaliacións psicopedagógicas e, renovar as existentes en caso necesario.
- Colaborar e orientar o profesor titor na elaboración das avaliacións iniciais (O9/06/16)
- Facer un seguimento do alumnado que foi valorado polo DO este curso.
- Continuar co programa de estimulación da linguaxe oral e prevención das dislalias a todo o alumnado de infantil, prestando especial atención ao alumnado que presenta ditas dificultades.
- Potenciar e favorecer unha maior colaboración entre os titores/as e o profesorado de apoio.
- Establecer máis e mellores relacións entre o DO e todo o profesorado.
- Facer unha valoración do material prioritario para Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Seguir implicando ás familias como pilar vital na educación do seus fillos/as para favorecer unha mellora da xeneralización de aprendizajes.
- Colaborar na existencia dunhas relacións fluídas das familias co centro, a través de xuntanzas durante o curso.

- Establecer relacións con organismos e asociacións vinculadas ás NEE coordinadas polos titores/as e orientación.
- Motivar ao profesorado cara a formación permanente e fomentar a participación destes, en programas de innovación propostos pola Consellaría.
- Demandar a intervención do EOE sempre que se considere necesario.
- De cara ao curso que ven faise necesaria a continuidade da intervención dos especialistas en **PT** e **AL** nos centros dada a previsión de alumnado con NEAE.
- Para o vindeiro curso reflexarase na PXA o informe da Avaliación individualizada dos alumnos/as de 3º curso de educación primaria (2017), posto que non temos os datos precisos para elaboralo a finais deste curso.

7. VALORACIÓN FINAL:

Sinalar que a resposta educativa dada aos diferentes alumnos intentou ser o máis axustada posible ás súas características, necesidades, intereses e ritmos de aprendizaxe seguindo as pautas e acordos tomados dende o Departamento de Orientación, procurando así o seu maior desenvolvemento.

Destacar a colaboración e intercambio de información cos diferentes titores e profesores especialistas, así como entre os integrantes do Departamento de Orientación, que fixeron posible unha boa organización na atención á diversidade e unha axeitada planificación da resposta educativa, para facer progresar ós alumnos na aprendizaxe e superar na medida do posible as súas dificultades.

A orientadora

Asdo.: M^a Nieves Fernández Dobarro

